

A palabra. Clases e constituíntes

TEN EN CONTA

As palabras teñen dúas partes relacionadas:

- A **forma**, é dicir, os sons que compoñen a palabra. Exemplo:
t-e-l-é-f-o-n-o
- O **significado**, isto é, a idea á cal fai referencia a palabra.



1. A palabra e as súas clases

As **palabras** son conxuntos de sons dotados de significado. Lembramos no seguinte cadro as clases de palabras máis importantes:

CLASES DE PALABRAS

Substantivos	Son palabras variables que nomean as persoas, os animais, as cousas, os sentimentos e as ideas. Exemplos: <i>Roi, vaca, ordenador, esperanza.</i>
Adxectivos cualificativos	Son palabras variables que nomean as calidades ou os estados que se poden dicir dos substantivos. Exemplos: <i>frío, fermosa.</i>
Determinantes	Son palabras variables que acompañan o substantivo concretando o seu significado. Segundo o xeito en como o concretan, distinguimos entre artigos (<i>o, a, os, as</i>); demostrativos (<i>este, esa, aquela...</i>); posesivos (<i>meu, teu, seu...</i>); indefinidos (<i>algún, bastantes, moitos...</i>); e numerais (<i>catro, vinte e un, sétimo, oitavo...</i>).
Verbos	Son palabras variables que expresan accións, estados ou procesos situados nun tempo determinado. Exemplos: <i>comer, estar, ferver.</i>
Adverbios	Son palabras invariables que nomean circunstancias de lugar, tempo, modo ou cantidade, ou expresan afirmación, negación ou dúbida. Exemplos: <i>tampouco, abaixo, case.</i>
Pronomes persoais	Son palabras variables que empregamos para nomearnos a nós mesmos (1. ^a persoa), aos que nos escoitan (2. ^a persoa) ou os seres dos que falamos (3. ^a persoa), sen empregar un nome. Exemplos: <i>eu, ti, ela.</i>
Elementos de enlace	Son palabras invariables que serven para relacionar entre si outras palabras. As preposicións (<i>a, agás, en, perante...</i>) e as conxuncións (<i>e, porque, pero...</i>) son elementos de enlace.

As palabras que admiten formas distintas son **palabras variables** (*alto-alta, altos-altas; leo, lin, lerei*). As palabras que non admiten ningunha variación son **palabras invariables** (*adrede, onte*).

FÍXATE

Unha palabra pode conter á vez un prefixo e un sufixo. Exemplos:

re - nov - ado
prefixo - raíz - sufixo

sub - mar - ino
prefixo - raíz - sufixo

2. Formación de palabras novas

Podemos formar palabras novas engadindo partículas a palabras que xa existen. Se as colocamos diante falamos de **prefixos**. Se as colocamos detrás, temos os **sufixos**. Exemplo:

sub - terr - áneo
prefixo - palabra - sufixo

Tamén se poden formar palabras unindo dúas ou máis palabras. Desa unión obtemos unha **palabra composta**. Exemplo:

ollo + mol ▶ ollomol
palabra - palabra - palabra composta

O conxunto de palabras que se formaron a partir dunha mesma palabra constitúe unha **familia de palabras**. Exemplo:

mar: mariñeiro, marítimo, marisco, marea...

ACTIVIDADES

1. Di a que clase de palabras pertencen estas.

- bolboreta ► _____
- alegre ► _____
- aquela ► _____
- daquela ► _____
- agás ► _____
- vinte ► _____
- cedo ► _____
- tamén ► _____
- fuxiu ► _____

2. Clasifica as palabras anteriores en variables e invariables.

- variables: _____
- invariables: _____

3. Escribe un exemplo de cada unha destas clases de palabras.

- substantivo: _____
- verbo: _____
- adverbio: _____
- preposición: _____
- adxectivo: _____
- conxunción: _____

4. Risca as palabras que non forman parte de cada familia léxica. Podes utilizar o dicionario, se che cómpre.

mar	mariño submarino	mariñeiro marte	marisco maremoto	marítimo marciano	marela marmelo	amar ultramar
terra	terreo subterráneo	terrestre terrácola	territorio desterrar	terror enterrar	terráqueo turrón	terremoto terreal

5. Di se o destacado en cada palabra é un sufixo ou un prefixo e explica o seu significado.

- ferreiro: _____
- prehistoria: _____
- froitaría: _____
- refacer: _____
- traballador: _____
- subterráneo: _____

6. Forma substantivos con estas palabras de xeito que designen o contido de cada imaxe.

sol

noz

vento

lapis



► _____



► _____



► _____



► _____

As matemáticas do máis forte

No medio dun val achábanse descoidados tres pacíficos animais: unha ovella, un porco e un coello. Ao **albiscar** a fácil presa, o león sacudiu a abundante melena nun movemento de satisfacción. E cos ollos brillantes de gula, volveuse cara a un tigre e un chacal alí presentes e gruñiu, con ton posiblemente amigable:

—Oh, tigre admirable! Vexo alí tres fermosos e saborosos **manxares**: unha ovella, un porco e un coello. Ti, que es listo e experto, debes saber dividir con talento tres entre tres. Fai, pois, con xustiza e **equidade**, esa operación: dividir tres entre tres cazadores.

Adulado con semellante proposición, o **vaidoso** tigre, despois de expresar con aires de falsa modestia a súa incompetencia e o seu pouco valor, respondeu:

—A división que xenerosamente acabades de propoñer, oh rei!, é moi simple e pódese facer con bastante facilidade. A ovella, que é o maior dos tres bocados, e o máis saboroso, tócovos por dereito. Aquel porco fraco, sucio e pestilente, que non vale unha perna da fermosa ovella, será para min, que son modesto e con ben pouco me conformo. E, finalmente, aquel minúsculo e desprezable coello, de reducidas carnes, indigno do padal refinado dun rei, corresponderalle ao noso compañeiro o chacal.

—Estúpido egoísta! —ruxiu, enfurecido, o león, cheo de indescritible furia—. Quen che ensinou a facer divisións dese xeito? Onde viches unha división de tres entre tres feita dese modo?

E, levantando a súa pesada pata, descargou sobre a cabeza do desprevido tigre tan violento golpe que o deixou morto a algúns pasos de distancia.

Enseguida se volveu cara ao chacal, que asistira aterrado a aquel trágico final da división de tres entre tres, e faloulle así:

—Meu querido chacal. Sempre tiven da túa intelixencia o máis alto concepto. Sei que es o máis enxeñoso e brillante dos animais da foresta, e non coñezo outro que te poida aventaxar na habilidade con que sabes resolver os máis **intricados** problemas. Encoméndoches, pois, facer esa simple división, que o estúpido tigre non soubo efectuar satisfactoriamente. ¿Ves, amigo chacal,

aqueles tres apetitosos animais: a ovella, o porco e o coello? Pois ben: dividirás as tres pezas entre nós os dous. Nada máis sinxelo ca dividir tres entre dous! Fai os cálculos, pois desexo saber qué cociente exacto me corresponde.


—Non son máis ca un humilde e rudo servo da Vosa Maxestade —dixo o chacal en ton de humildísimo respecto—. Debo, pois, obedecer cegamente a orde que acabo de recibir. Vou dividir, coma se fose un sabio xeómetra, aquelas tres pezas entre nós os dous. A división matematicamente exacta é a seguinte:

»A admirable ovella, manxar digno dun soberano, é para os vossos reais **cairos**, pois é indiscutible que soades o rei dos animais; o fermoso porco, do cal oio os harmoniosos gruñidos, debe ser tamén para o voso real padal, pois, segundo din os entendidos, a carne de porco dálles máis forza e enerxía aos leóns; e o inqueda coello, coas súas longas orellas, debe ser saboreado por vós, como sobremesa, xa que aos reis, por lei tradicional entre os pobos, pertencenlles, dos **opíparos** banquetes, os manxares máis finos e delicados.

—Chacal incomparable! —exclamou o león, encantado coa repartición—. Que agradables e sabias son as túas palabras! ¿Quen che ensinou ese artificio marabilloso para dividir, con tanta perfección e acerto, tres entre dous?

—A gadoupada con que a vosa xustiza castigou, hai un intre, o tigre arrogante e ambicioso, ensinoume a dividir con certeza tres entre dous, cando deses dous un é un león e outro un chacal. Nas matemáticas do máis forte, o cociente é sempre exacto, e ao máis débil nin o resto lle debe tocar.

MALBA TAHAN, *O home que calculaba.*
(Adaptación)



Claves da lectura

Nesta fábula atopamos tres animais con caracteres moi humanos e que podemos recoñecer. O león, autoritario, expresa un sinxelo problema aos outros dous, simplemente para presumir da súa superioridade. O confiado tigre cae na trampa, mentres que o astuto chacal dá a resposta axeitada para o león. Con isto vemos que ata as regras máis precisas poden chegar a ser manipuladas polos poderosos abusando da súa posición.

Vocabulario

Albiscar: chegar a ver, aínda que con dificultade, algo que está lonxe.

Manxares: alimentos delicados e exquisitos.

Equidade: modo de actuar consistente en dar a cada un o que lle corresponde e merece.

Vaidoso: presumido, que intenta facerse notar.

Intricados: complicados, difíciles de resolver.

Cairos: dentes agudos, entre os incisivos e os molares.

Opíparos: moi bos e abundantes.

ACTIVIDADES

1. Describe en poucas palabras o carácter de cada un dos animais da historia.

león	▶	_____
tigre	▶	_____
chacal	▶	_____

2. Contesta.

- Queda o león contento coa repartición que fai o tigre? Por que? _____
- E coa que fai o chacal? Por que? _____

3. Le o texto dos globos e responde.



AQUEL PORCO FRACO,
SUCIO E PESTILENTE,
QUE NON VALE...

O FERMOSO PORCO,
DO CAL OÍO OS
HARMONIOSOS GRUÑIDOS...

- Por que cres que o tigre lle chama fraco, sucio e pestilente ao porco e o chacal se refire a el como fermoso?

4. No texto críticase o abuso de poder e a imposición das propias ideas pola forza.

Cres ti que se deben impoñer as cousas pola autoridade ou pola forza? Razóao.

Uso de *r* e *rr*. O son *G*

A grafía **r** pode representar dous sons diferentes, segundo a súa posición na palabra: o son R forte ou o R suave. **Escríbese r, indicando son r forte**, no inicio da palabra e despois de consoante de diferente sílaba. **Escríbese r, indicando son r suave**, entre vogais, despois de calquera consoante na mesma sílaba, ao final da sílaba e ao final da palabra.

O dígrafo **rr** representa sempre o son R forte e só aparece entre vogais.

O son **G** pode representarse coa grafía **g** ou co dígrafo **gu**. Escríbese **g** ante *a, o, u*. Exemplos: *gana, gota, gusto*. Escríbese **gu** ante *i, e*. Exemplos: *guía, guedella*.

Se na secuencia *gue, gui* o *u* soa, hai que escribir unha diérese sobre el. Exemplos: *pingüín, lingüeta*.

R forte	R suave
riso enredo catarro 	cara abraiar 
	
son G g + a, o, u gu + e, i	

ACTIVIDADES

1. Arrodea de diferente cor a grafía *r* e o dígrafo *rr* en cada palabra segundo a súa pronuncia.



Soa R forte



Soa R suave

- catarreira
- xarope
- enfermeira
- arrefriado
- rabuñar
- honrado

2. Forma palabras compostas relacionando unha de cada cadro e despois escribeas.

para - beira - auto - mono - garda

raíl - retrato - roupa - rúa - raios

3. Completa estas palabras con *gu* ou con *g*, segundo corresponda e escribeas.

- san___e ▶ _____
- acou___o ▶ _____
- ___indastre ▶ _____
- ___usto ▶ _____
- se___inte ▶ _____
- re___ar ▶ _____

4. Completa a norma empregando as palabras anteriores.

- Escríbese **g** ante ___, ___ e ___: _____, _____ e _____.
- Escríbese **gu** ante ___ e ___: _____ e _____.

5. Forma palabras rematadas en *-eira* e explica o cambio ortográfico que se produciu.

- manga ▶ _____
- figo ▶ _____
- pinga ▶ _____
- ortiga ▶ _____
- cego ▶ _____
- trigo ▶ _____